



XERENCIA



Conta anual do exercicio 2015

Documento resumo

UniversidadeVigo

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	4
1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	5
1.1. Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e créditos finais	5
1.1.1. Orzamento de ingresos	5
1.1.2. Orzamento de gastos	6
1.1.3. Modificacións orzamentarias.....	7
1.2. Execución do orzamento	8
1.2.1. Grao de execución do Orzamento de ingresos.....	9
1.2.2. Grao de execución do Orzamento de gastos	12
1.3. Remanente de tesouraría	16
2. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO.....	18
2.1. Resultado económico-patrimonial do exercicio	18
2.2. Balance de situación	19
3. SITUACIÓN DA TESOURARÍA	21
4. INDICADORES.....	22
4.1. Indicadores financeiros e patrimoniais.....	22
4.2. Indicadores orzamentarios.....	24
5. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	26
ANEXO I. RESUMO DAS CONTAS ANUAIS DE ENTIDADES PARTICIPADAS.....	28
I.1. Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	28
I.2. Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI).....	30
I.3. Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	32

ÍNDICE DE CADROS

<i>Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2015 (€)</i>	5
<i>Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2015 (€)</i>	6
<i>Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2011-2015 (€)</i>	8
<i>Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2015 (€)</i>	9
<i>Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da UVigo. Ano 2015 (€)</i>	10
<i>Cadro 6. Comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2015 e 2014 (€)</i>	11
<i>Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2011-2015 (€)</i>	11
<i>Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos) 2011-2015 (€)</i>	11
<i>Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2015 (€)</i>	12
<i>Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2011-2015 (€)</i>	13
<i>Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)</i>	13
<i>Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2011 a 2015 (€)</i>	13
<i>Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)</i>	14
<i>Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)</i>	14
<i>Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2015 e 2014 (€)</i>	15
<i>Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2015 e 2014 (€)</i>	15
<i>Cadro 17. Remanente de tesouraría da UVigo a 31 de decembro de 2015 (€)</i>	16
<i>Cadro 18. Conta do resultado económico patrimonial da UVigo en 2015 (€)</i>	18
<i>Cadro 19. Balance de situación da UVigo en 2015 (€)</i>	20
<i>Cadro 20. Estado de fluxos de efectivo no exercicio 2015 (€)</i>	21
<i>Cadro 21. Comparativo do volume de contratación. Exercicios 2015 e 2014</i>	26
<i>Cadro 22. Resumo por tipo e procedemento de adxudicación. Exercicio 2015</i>	26
<i>Cadro 23. Resumo por tipo, importes e ratios principais</i>	27
<i>Anexo: cadro 1. CUSA: Conta de resultados 2015</i>	28
<i>Anexo: cadro 2. CUSA: Balance 2015</i>	29
<i>Anexo: cadro 3. CITEXVI: Conta de resultados 2015</i>	30
<i>Anexo: cadro 4. CITEXVI: Balance 2015</i>	31
<i>Anexo: cadro 5. FUVI: Conta de resultados 2015</i>	32
<i>Anexo: cadro 6. FUVI: Balance 2015</i>	33

PRESENTACIÓN

Coa *Conta Anual do exercicio 2015* infórmase á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

Ao ofrecer información obxectiva, concisa e clara da actuación económico-financeira da institución, preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da Universidade, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

Este breve informe pretende dar unha visión resumida da Conta Anual, co obxectivo de que a información contida nela sexa comprensible para persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. Unha vez aprobado o documento, poderase consultar no seguinte enderezo web: http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/servizos_economicos/contabilidad/procesos.html; A Secretaría Xeral custodiará a documentación orixinal e a Vicerreitoría de Economía e Planificación, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e a Vicerreitoría do Campus de Ourense disporán de cadansúa copia.

Con carácter previo á presentación das Contas Anuais e atendendo ao indicado no Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que modificou algúns apartados da Lei Orgánica de Universidades, a Universidade de Vigo presentou perante a Comisión Económica do Consello Social, antes do 1 de marzo de 2016, a Liquidación do seu Orzamento do exercicio 2015, acompañado da Carta de Avance e do Borrador de Informe Adicional ao de Auditoría. Estes últimos documentos elaborounos a empresa de auditoría contratada polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Posteriormente a este feito, de acordo coa restante normativa orzamentaria de aplicación e seguindo os procedementos habituais, a Universidade de Vigo ten que presentar perante a Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño deste ano, o documento do que estamos a informar, unha vez aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

1.1. Créditos iniciais, modificacións orzamentarias e créditos finais

O orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2015 elaborouse ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2011, de 21 de decembro, de Universidades, dos Estatutos da Universidade e das normas que rexen a actividade económico-financiera do sector público galego e estatal. O documento recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio, aprobouse en equilibrio, e cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para o dito exercicio.

1.1.1. Orzamento de ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2015 aprobouse por un importe de 165.203.557 euros, un 3,48 % máis que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2015.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2015 (€)

CAPÍTULOS	PREVISIÓNS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	16.146.500	305.474	16.451.974
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CORRENTES	111.467.500	2.801.711	114.269.211
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	341.000	9.181	350.181
OPERACIÓNS CORRENTES	127.955.000	3.116.365	131.071.365
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS CAPITAL	20.193.000	1.087.171	21.280.171
OPERACIÓNS DE CAPITAL	20.193.000	1.087.171	21.280.171
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	148.148.000	4.203.536	152.351.536
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	17.055.557	9.572.803	26.628.360
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	0	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	17.055.557	9.572.803	26.628.360
TOTAL	165.203.557	13.776.339	178.979.896

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 13.776.339 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando un 38,07 % máis que as do exercicio precedente.

Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, que resultan de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito. Supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 178.979.896 €, un 5,51 % mais que o do exercicio precedente.

No que respecta ás modificacións, a partida máis importante é a refirida á variación de activos financeiros, que reflicte a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2014.

1.1.2. Orzamento de gastos

O orzamento inicial do exercicio 2015 aprobouse por un importe de 165.203.557 €, un 3,48 % mais que o do exercicio precedente. No cadro 2 recóllense os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2015 (€)

CAPÍTULOS	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
I. GASTOS DE PERSOAL	89.190.380	4.245.981	93.436.361
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	31.238.015	1.588.778	32.826.793
III. GASTOS FINANCEIROS	375.000	38.800	413.800
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.943.850	986.037	6.929.887
V. FONDO DE CONTINXENCIA	360.000	-131.182	228.818
OPERACIÓNS CORRENTES	127.107.245	6.728.414	133.835.659
VI. INVESTIMENTOS REAIS	34.686.312	6.364.513	41.050.825
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			
OPERACIÓNS DE CAPITAL	34.686.312	6.364.513	41.050.825
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	161.793.557	13.092.927	174.886.484
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	160.000	0	160.000
IX PASIVOS FINANCEIROS	3.250.000	683.412	3.933.412
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.410.000	683.412	4.093.412
TOTAL	165.203.557	13.776.339	178.979.896

1.1.3. Modificacións orzamentarias

A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos vén dada polas modificacións de crédito que se realizaron. No cadro 3 móstrase a evolución do orzamento inicial e definitivo da Universidade e das modificacións orzamentarias no período 2011 a 2015. Como pode comprobarse ao analizar os datos, as modificacións máis importantes son:

● Xeracións de crédito por ingresos

Estas modificacións son consecuencia da achega á Universidade dun maior importe de ingresos que os inicialmente estimados, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2015 foi de 4.203.536€.

● Incorporacións de remanentes

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 9.292.803 €, que é o resultado da incorporación de remanentes específicos, tal e como se definen nas *Normas de execución do orzamento 2014*.

A estabilización das cifras e o control destes procedementos é unha necesidade prioritaria, dado o efecto que teñen no modelo de cómputo do déficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda, que se fai atendendo ao establecido no Sistema Europeo de Conta Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

● Transferencias de crédito

Pola súa propia definición, as transferencias de crédito son unha suma cero xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra. Xa que logo, o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe implica unha diminución polo mesmo importe na que transfire. O importe das transferencias de crédito foi de 14.352.649 €. Nel inclúense as distribucións de créditos, que orzamentariamente non teñen a consideración de transferencias pero que están contabilizadas como tales no sistema informático. Se descontamos estas operacións, o importe das transferencias é de 7.048.061 €.

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2011-2015 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015
ORZAMENTO INICIAL	167.903.853	162.969.745	163.216.352	159.655.119	165.203.557
MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS	14.506.050	15.826.462	12.912.506	9.977.541	13.496.339
▪ XERACIÓNS DE CRÉDITO	1.388.059	6.766.906	1.621.282	2.972.563	4.203.536
▪ INCORPORACIÓN DE REMANENTES	13.117.991	9.059.556	11.291.225	7.004.978	9.292.803
▪ AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO					280.000
▪ TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO	5.702.449	2.494.981	453.119	12.101.227	14.352.649
ORZAMENTO DEFINITIVO	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896

1.2. Execución do orzamento

Neste apartado infórmase sobre o grao de cumprimento do orzamento tanto de gastos como de ingresos. Analizaremos os dereitos recoñecidos, as obrigas recoñecidas e o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos netos** son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo. Como se observa no cadro 4, os dereitos recoñecidos netos ascenderon en 2015 a 151.027.720 €. Destes recadáronse durante o ano 133.451.245 € (o 88,36 %), quedando pendentes de cobro, a 31 de decembro de 2015, un total de 17.576.474,14 €.

As **obrigas contraídas** o son como consecuencia de realizar gastos correntes ou de capital. Como pode comprobarse no cadro 9, en 2015 ascenderon a 155.009.910 €; os pagos pendentes a 31 de decembro son insignificantes.

O **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, acadou a cifra negativa de -3.982.192 €.

Se a ese resultado orzamentario se lle suman os créditos gastados con cargo a remanentes de tesouraría e os demais axustes relacionados coas desviacións positivas e negativas do financiamento, que acadan a cifra de 18.066.358 €, obtense o **resultado orzamentario axustado** do exercicio, que no 2015 ascendeu á cantidade de 14.084.166 €.

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2015 (€)

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
1. (+) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	150.946.534	151.224.760		-278.226
2. (+) OPERACIÓNS CON ACTIVOS FINANCEIROS	81.186	3.785.151,64		-3.703.966
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	151.027.720	155.009.911		-3.982.192
AXUSTES (créditos gastados con cargo a remanentes de tesouraría non afectados e desviacións negativas e positivas de financiamento)			18.066.358	
II. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				14.084.166

Atendendo ao expresado nestas cifras e na restante información concordante, hai que destacar que, ao igual que no exercicio precedente, a Universidade de Vigo non ten déficit consonte a metodoloxía establecida polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (DOCE do 26 de xuño de 2013, polo que se publica o Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013).

Nos seguintes epígrafes analízanse diferentes aspectos da execución do orzamento que complementan á información facilitada con anterioridade.

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 151.027.719 €. Postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesouraría incorporados (152.351.536 €), resulta un grao de execución do orzamento de ingresos dun 99% tal e como se pode apreciar no cadro 5.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da UVigo. Ano 2015 (€)

CAPÍTULOS	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	GRAO DE EXECUCIÓN
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	16.451.974	16.155.496	98,20%
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES	114.269.211	114.113.483	99,86%
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	350.181	311.827	89,05%
OPERACIONS CORRENTES	131.071.365	130.580.807	99,63%
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	21.280.171	20.365.727	95,70%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	21.280.171	20.365.727	95,70%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	152.351.536	150.946.534	99,08%
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS (REMANENTES DE TESOURARÍA)	26.628.360	81.186	-
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS	0		
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	26.628.360	81.186	--
TOTAL	178.979.896	151.027.719	89,38 %

Á vista dos datos do cadro podemos dicir que o grao de execución dos ingresos correntes é máis alto que o dos ingresos de capital, pero nos dous casos supérase o 95% da execución.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 99,08%. Ao sumar as operacións financeiras correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 89,38 % sen ter en conta os remanentes de tesouraría.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada ao elaborar a estimación de ingresos para o exercicio.

Se afondamos na análise e comparamos os datos cos do exercicio anterior, advírtese que os ingresos da Universidade aumentan un 3,03 %, cun comportamento diferente segundo as partidas, tal e como pode apreciarse no cadro 6.

Cadro 6. Comparativa dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2015 e 2014 (€)

CAPÍTULOS	2015	2014	% DE VARIACIÓN
III. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	16.155.496	17.806.306	-9,27%
IV. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS CORRENTES	114.113.493	112.011.796	1,88%
V. INGRESOS PATRIMONIAIS	311.827	394.223	-20,90%
OPERACIÓNS CORRENTES	130.580.817	130.212.326	0,28%
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS			
VII.-TRANSFERENCIAS E SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	20.365.727	16.279.543	25,10%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	20.365.727	16.279.543	25,10%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	150.946.544	146.491.869	3,04%
VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS	81.186	101.218	-19,79%
IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS			
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	81.186	101.218	-19,79%
TOTAL	151.027.730	146.593.087	3,03%

No cadro 7 móstrase a evolución da execución dos ingresos nun período de 5 anos. Como pode comprobarse, a porcentaxe de execución mantense no tempo con variacións case insignificantes.

Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2011-2015 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015
DEREITOS RECOÑECIDOS (A)	155.204.322	148.355.503	151.150.166	146.593.087	151.027.720
ORZAMENTO DEFINITIVO (B)	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896
% DE EXECUCIÓN	85,09%	82,97%	85,82%	86,42%	84,38%
ORZAMENTO DEFINITIVO (EXCEPTO REMANENTES) (B)	153.406.816	153.677.223	154.021.342	147.777.063	152.351.536
% DE EXECUCIÓN	101,17%	96,54%	98,14%	99,20%	99,13%

Abondando no mesmo aspecto, no cadro 8 pode observarse a evolución dos ingresos globais da Universidade dende o ano 2011.

Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos) 2011-2015 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015
INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS)	155.204.321	148.355.503	151.150.166	146.593.087	151.027.720
% VARIACIÓN ANUAL	-1,75%	-4,41%	1,88%	-3,01%	3,03%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de gastos

As obrigas contraídas acadaron un valor de 155.009.910 €. Postas en relación co orzamento definitivo, que é de 178.979.896 €, dá un grao de execución do orzamento de gasto dun 86,61%, tal e como se pode apreciar no cadro 9. A comparación por capítulos pon de manifesto que a maior porcentaxe de execución continúa a corresponderlle ao Capítulo I (“Gastos de persoal”) cun 99,91%.

Os desaxustes entre a previsión de gasto o e gasto efectivamente realizado obedece, como en anteriores exercicios, a dúas causas fundamentais:

- a) por unha banda, o modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acada o financiamento;
- b) por outra banda, o proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2015 (€)

CAPÍTULOS	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	GRAO DE EXECUCIÓN
I. GASTOS DE PERSOAL	93.436.361	93.348.800	99,91%
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	32.826.793	25.685.295	78,24%
III. GASTOS FINANCEIROS	413.800	413.790	100,00%
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.929.887	5.549.380	80,08%
V. FONDO DE CONTINXENCIA	228.818	0	0,00%
OPERACIÓNS CORRENTES	133.835.659	124.997.265	93,40%
VI. INVESTIMENTOS REAIS	41.050.825	26.227.494	63,89%
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	0,00%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	41.050.825	26.227.494	63,89%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	174.886.484	151.224.759	86,47%
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	160.000	85.329	53,33%
IX. PASIVOS FINANCEIROS	3.933.412	3.699.822	94,06%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	4.093.412	3.785.151	92,47%
TOTAL	178.979.896	155.009.910	86,61%

No cadro 10 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2011, tanto na fase de obriga como na de compromiso.

Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2011-2015 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015
A. OBRIGAS RECOÑECIDAS	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760	155.009.911
B. ORZAMENTO DEFINITIVO	182.409.903	178.796.207	176.128.858	169.632.660	178.979.896
% DE EXECUCIÓN (A/B)	84,79%	83,18%	80,83%	86,92%	86,61%
C. CRÉDITOS COMPROMETIDOS	158.398.204	155.094.158	148.212.798	151.472.696	158.239.000
% DE EXECUCIÓN (C/B)	86,84%	86,74%	84,15%	89,29%	88,41%

No cadro 11 compárase o capítulos de gastos nos exercicios 2014 e 2015. A variación global é do 5,13%.

Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)

CAPÍTULOS	2015	2014	% DE VARIACIÓN
I. GASTOS DE PERSOAL	93.348.800	90.231.284	3,46%
II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	25.685.295	23.869.818	7,61%
III. GASTOS FINANCEIROS	413.790	369.347	12,03%
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.549.380	6.085.667	-8,81%
OPERACIÓNS CORRENTES	124.997.265	120.556.115	3,68%
VI. INVESTIMENTOS REAIS	26.227.494	23.652.348	10,89%
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	-
OPERACIÓNS DE CAPITAL	26.227.494	23.652.348	10,89%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	151.224.760	144.208.463	4,87%
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	85.329	79.530	7,29%
IX. PASIVOS FINANCEIROS	3.699.822	3.155.767	17,24%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.785.152	3.235.297	17,00%
TOTAL	155.009.911	147.443.760	5,13%

No cadro 12 pode observarse como evolucionaron os gastos globais da Universidade dende o 2011. Os motivos desta evolución (ademais do xa comentado e do que polo miúdo se detalla a seguir), está no esforzo que realiza a Universidade para reequilibrar as súas contas e axeitar os gastos ás súas disponibilidades financeiras.

Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2011 a 2015 (€)

	2011	2012	2013	2014	2015
GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS)	154.660.658	148.728.461	142.360.844	147.443.760	155.009.911
% VARIACIÓN ANUAL	-8,91%	-3,84%	-4,28%	3,57%	5,13%

A continuación analízanse polo miúdo as principais partidas do gasto capítulo a capítulo.

- A partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, acadou no 2015 un importe de 93.348.801 €, o que supón un incremento do 3,46% en relación ao exercicio anterior.

Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)

DENOMINACIÓN	2015	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2014	% DE VARIACIÓN S/ 2014	2014
ALTOS CARGOS E PERSOAL EVENTUAL	449.123	48.822	12,20%	400.301
FUNCIONARIOS	51.362.191	1.033.045	2,05%	50.329.146
LABORAIS	10.467.121	411.533	4,09%	10.055.588
OUTRO PERSOAL	17.430.872	1.190.213	7,33%	16.240.659
INCENTIVOS AO RENDEMENTO	756.207	8.386	1,12%	747.821
GASTOS SOCIAIS	12.883.287	425.518	3,42%	12.457.769
TOTAL	93.348.801	3.117.517	3,46%	90.231.284

- No referido aos **gastos correntes en bens e servizos**, o importe final é de 25.685.295 €, cun aumento porcentual dun 7,61%, como se pode ver no cadro 14. Os maiores incrementos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2015 e 2014 (€)

DENOMINACIÓN	2015	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2014	% DE VARIACIÓN S/ 2014	2014
ARRENDAMENTOS	434.101	2.745	0,64%	431.356
REPARACIÓN E CONSERVACIÓN	2.492.239	-343.117	-12,10%	2.835.356
MATERIAL, SUBMINISTRACIÓN E OUTROS	21.070.172	2.145.700	11,34%	18.924.472
INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN DE SERVIZO	1.634.565	-19.069	-1,15%	1.653.634
PUBLICACIÓN	54.217	29.217	116,87%	25.000
TOTAL	25.685.295	1.815.477	7,61%	23.869.818

- Os **gastos financeiros** seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos. Acadaron a contía de 413.790 € e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros.

- O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 5.549.380 €, cun decrecemento porcentual do (-) 8,81%. Malia estes datos, cómpre destacar que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas.

Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2015 e 2014 (€)

DENOMINACIÓN	2015	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2014	% DE VARIACIÓN S/ 2014	2014
TRANSFERENCIAS A ENTID. PÚBLICAS E PRIVADAS	2.452.000	-34.245	-1,38%	2.486.245
TRANSFERENCIAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO (BOLSAS E SUBVENCIÓNS)	2.398.315	180.066	8,12%	2.218.249
TRANSFERENCIAS AO EXTERIOR (INTERCAMBIOS ERASMUS, LIG, ETC.)	699.065	-682.108	-49,39%	1.381.173
TOTAL	5.549.380	-536.287	-8,81%	6.085.667

- O capítulo de **investimentos** no ano 2015 chega aos 26.227.494 €, cun aumento porcentual de case un 11% (en concreto, 10,89%) con respecto ao 2014.

a) No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese un aumento no gasto dun 42,66% porcentual, debido fundamentalmente á finalización do edificio CINBIO.

b) No comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial, prodúcese unha minoración do 3,5% con relación ao exercicio anterior.

Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2015 e 2014 (€)

DENOMINACIÓN	2015	IMPORTE DA VARIACIÓN S/ 2014	% DE VARIACIÓN S/ 2014	2014
INVESTIMENTOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS	10.515.141	3.144.253	42,66%	7.370.888
INVESTIM. DE CARÁCTER INMATERIAL	15.712.353	-569.107	-3,50%	16.281.460
TOTAL	26.227.494	2.575.146	10,89%	23.652.348

1.3. Remanente de tesouraría

O remanente de tesouraría é un recurso orzamentario que procede, con carácter xeral, da acumulación de resultados orzamentarios positivos de exercicios anteriores ao que se pecha. Obténse pola diferenza entre os fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento.

De acordo co establecido no *Plan General de Contabilidad Pública*, na cifra do remanente de tesouraría debe diferenciarse entre o remanente afectado (que está formado polos importes correspondentes aos debedores de dubidoso cobro, aos excesos de financiación afectada así como ás obrigas tributarias ou equivalentes que deba atender a Universidade), e o remanente de libre disposición, que se obtén pola diferenza.

No cadro 17 móstrase o cálculo do remanente do exercicio 2015.5

Cadro 17. Remanente de tesouraría da UVigo a 31 de decembro de 2015 (€)

CONCEPTOS	2015	2014
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS	28.664.187,67	22.949.095,85
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	37.980.019,04	48.840.600,69
- (+) do orzamento corrente	17.576.474,14	29.284.290,73
- (+) de orzamentos pechados	1.834.709,80	2.599.606,52
- (+) de operacións non orzamentarias	18.568.835,10	16.956.703,44
- (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	5.399.448,93	5.316.506,44
- (+) do orzamento corrente	11.113,90	529,22
- (+) de orzamentos pechados	0,00	0,00
- (+) de operacións non orzamentarias	3.783.360,25	4.160.035,43
- (+) acredores pdtes. de imputar ao orzamento.	1.604.974,78	1.155.941,79
4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	498.434,21	701.764,65
- (-) cobros pendentes de aplicación	-13.915,00	
- (+) obrigas pendentes de aplicar ao orzamento	512.349,21	701.764,65
TOTAL REMANENTE DE TESOURARÍA (1+2-3+4)	61.743.191,99	67.174.954,75
I. Saldos de dubidoso cobro	1.243.899,23	-2.885.014,85
II. Remanentes de tesouraría non dispoñible	40.733.707,21	-49.793.940,67
III. Remanentes de tesouraría dispoñible	19.765.585,55	14.032.108,56
IV. REMANENTE DE TESOURARÍA TOTAL	61.743.191,99	67.174.954,75

O remanente de tesouraría ten un importe total de 61.743.191,99 €. Forman parte do remanente de tesouraría non dispoñible (que unicamente poderá empregarse para dar cobertura aos gastos con financiación afectada) 41.977.606,44 €. O remanente dispoñible ascende a 19.765.585,55 €.

Obviando os efectos excepcionais xa comentados, podemos dicir que:

- 1) Mantense a tendencia definida nos anteriores exercicios, como consecuencia dunhas contas nas que os ingresos e gastos están en equilibrio e que permiten uns resultados orzamentarios axustados;
- 2) Seguimos dispoñendo, despois dos anos que levamos transitando por este ciclo económico tan complexo, de recursos propios suficientes para non ter dificultades nin de financiamento nin de tesouraría.

2. SITUACIÓN ECONÓMICO-PATRIMONIAL DO EXERCICIO

2.1. Resultado económico-patrimonial do exercicio

A *Conta do resultado económico patrimonial* é un estado económico-financieiro onde se amosa o resultado da actividade económica da Universidade dende o punto de vista da contabilidade financeira. Por este motivo non ten porque coincidir co resultado orzamentario xa que o proceso para o seu cálculo é moi diferente: na contabilidade financeira existen operacións como as provisións, que non se rexistran na contabilidade orzamentaria, e hai que aplicar o principio de correlación de ingresos e gastos, o que leva a facer axustes temporais nos fluxos de ingresos e gastos.

Este resultado pode ser positivo (se os ingresos superan aos gastos) ou negativo (se ocorre o contrario).

A *Conta do resultado económico patrimonial* da Universidade de Vigo a 31 de decembro de 2015 está formada polas partidas que se recollen no cadro 18, que amosan un resultado positivo de 8.861.443,01 €.

Cadro 18. Conta do resultado económico patrimonial da UVigo en 2015 (€)

DESCRICIÓN	EXERCICIO 2015	EXERCICIO 2014
1. INGRESOS TRIBUTARIOS E COTIZACIÓNS SOCIAIS	7.355,73	15.361,96
2. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS RECIBIDAS	136.425.105,23	125.614.425,55
3. VENDAS NETAS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS	19.329.209,30	22.374.876,60
